

# PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A BIBLIOTECA NACIONAL DE ESPAÑA O.A. EN RELACIÓN A DIVERSAS PROGRAMACIÓNS CULTURAI

En Santiago de Compostela (A Coruña) e Madrid a

Dunha parte, **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de Conselleiro de Cultura e Turismo, para o que foi nomeado polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, **ANA MARÍA SANTOS ARAMBURO**, Directora General da Biblioteca Nacional de España O.A. (en diante BNE), con NIF Q 2828005-E, en virtude do nomeamento mediante Real Decreto 1061/2015 do 20 de novembro (BOE do 21) e enderezo fiscal no Paseo de Recoletos, 20, de Madrid, de acordo coas atribucións que ten conferidas na Lei 1/2015 do 24 de marzo, reguladora da Biblioteca Nacional de España, publicada en BOE do 25 de marzo de 2015, así como polo artigo 10.2 do Estatuto da Biblioteca Nacional de España, aprobado por Real Decreto 640/2016 do 9 de decembro, publicado en BOE do 19 de decembro de 2016. A Directora da BNE ten capacidade xurídica para subscribir o Protocolo Xeral de Actuación en nome da BNE.



Código Seguro De Verificación:	+MxeI6nCuCRU1j1RT6dq/Q==	Estado	Fecha y hora
Firmado Por	Ana Santos Aramburo - Director /directora	Firmado	10/07/2020 10:12:42
Observaciones		Página	1/6
Url De Verificación	<a href="https://portafirmas.bne.es/verifirmav2/">https://portafirmas.bne.es/verifirmav2/</a>		



Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que, para acordar no nome das entidades que representan, teñen conferidas e, en consecuencia

### EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Xunta de Galicia ten atribuídas as funcións en materia de fomento de cultura e da idónea utilización do lecer, de acordo co establecido nos apartados 19 e 22 do artigo 27 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª e 19ª da Constitución Española.

A Consellería de Cultura e Turismo é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago; a promoción da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia; o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións culturais de interese galego e o impulso, coordinación e xestión da política autonómica en materia de turismo. Todo iso, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, e o previsto na demais normativa que sexa de aplicación.

SEGUNDO.- Que a BNE é un organismo público sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, adscrito ao Ministerio de Cultura y Deporte que, conforme ao disposto no artigo 3 da Lei 1/2015, do 24 de marzo, reguladora da Biblioteca Nacional de España:



<b>Código Seguro De Verificación:</b>	+MxeI6nCuCRU1j1RT6dq/Q==	<b>Estado</b>	<b>Fecha y hora</b>
<b>Firmado Por</b>	Ana Santos Aramburo - Director /directora	Firmado	10/07/2020 10:12:42
<b>Observaciones</b>		<b>Página</b>	2/6
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://portafirmas.bne.es/verifirmav2/">https://portafirmas.bne.es/verifirmav2/</a>		



1. Reunir, describir e garantir a protección, enriquecemento, conservación e transmisión, no exercicio das súas funcións, do patrimonio bibliográfico e documental, tanto o producido no Estado español como o xerado sobre as súas diferentes culturas.
2. Garantir o acceso e a difusión das súas coleccións co fin de fomentar a súa utilización, como medio de enriquecemento cultural, social e económico.
3. Promover e desenvolver políticas bibliotecarias en relación co patrimonio bibliográfico e documental do Estado español.

Que de acordo co disposto no segundo parágrafo do artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o presente protocolo xeral de actuación atópase excluído da regulación establecida no resto de artigos da referida Lei sobre Convenios consistindo en declaracións de intención de contido xeral expresando a vontade das entidades subscritoras para actuar cun obxectivo común.

Por isto, para conseguir unha maior eficacia na execución das actuacións, dado o interese común das partes asinantes (en diante “as partes”), é polo que se procede a asinar este protocolo xeral de actuación (en diante “protocolo”) entre as partes, nos seguintes termos que se

### ACORDAN

PRIMEIRA.- Este protocolo ten por obxecto manifestar a vontade das partes en colaborar no desenvolvemento de liñas de actuación e de realización de programacións culturais sobre Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán e o Ano Santo Xacobeo de 2021.



<b>Código Seguro De Verificación:</b>	+MxeI6nCuCRU1j1RT6dq/Q==	<b>Estado</b>	<b>Fecha y hora</b>
<b>Firmado Por</b>	Ana Santos Aramburo - Director /directora	Firmado	10/07/2020 10:12:42
<b>Observaciones</b>		<b>Página</b>	3/6
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://portafirmas.bne.es/verifirmav2/">https://portafirmas.bne.es/verifirmav2/</a>		



SEGUNDA.- Para estes efectos créase unha comisión de seguimento integrada polo Director Xeral de Políticas Culturais como representante da Consellería de Cultura e Turismo, e polo Director da División Cultural como representante da Biblioteca Nacional de España. Esta comisión terá como misión aprobar un plan de actuacións culturais que se desenvolverán na sede da Biblioteca Nacional de España en Madrid e nos diferentes lugares xestionados polo Goberno galego en Galicia, así como validar o seu cumprimento e resolver os conflitos que puidesen xurdir entre as partes. Ese plan de actuacións deberá dar lugar á tramitación e firma dos correspondentes convenios de colaboración.

TERCEIRA.- A firma do protocolo non implica dotación nin compromiso concreto económico nin xurídico, que poderán estipularse no futuro mediante o oportuno convenio ou instrumento administrativo.

CUARTA.- En relación con este protocolo as partes teñen interese en colaborar nas seguintes actuacións:

A **Consellería de Cultura e Turismo** ten interese en colaborar nas seguintes:

- Colaborar previsiblemente na a itinerancia da exposición “Concepción Arenal, 1820-1893”, organizada pola BNE na súa sede de Madrid, para a súa exhibición en Galicia (en lugar e sede por determinar), e contribuír á realización dun programa de actividades culturais que difundan a súa vida e obra.
- Colaborar previsiblemente na a exposición dedicada a Emilia Pardo Bazán, así como contribuír á realización dun programa complementario de actividades de difusión.
- Previsiblemente en 2021 colaborar na unha exposición que mostre os fondos e coleccións da BNE vinculadas co Camiño de Santiago, a tradición Xacobeá, o



<b>Código Seguro De Verificación:</b>	+MxeI6nCuCRU1j1RT6dq/Q==	<b>Estado</b>	<b>Fecha y hora</b>
<b>Firmado Por</b>	Ana Santos Aramburo - Director /directora	Firmado	10/07/2020 10:12:42
<b>Observaciones</b>		<b>Página</b>	4/6
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://portafirmas.bne.es/verifirmav2/">https://portafirmas.bne.es/verifirmav2/</a>		



fenómeno das peregrinacións e a cidade de Santiago, e levar a cabo un programa complementario de actividades culturais.

- Dinamizar a comunicación pública de todas as actividades desenvoltas a través dos medios e redes sociais utilizados habitualmente pola Xunta de Galicia.

A Biblioteca Nacional de España ten interese en colaborar nas seguintes:

- Colaborar previsiblemente na itinerancia da exposición de “Concepción Arenal, 1820-1893” Cooperar no programa de actividades culturais que contribúan á difusión da figura da pensadora nada en Ferrol.
- Colaborar previsiblemente na a exposición dedicada a Emilia Pardo Bazán en 2021, así como contribuír á realización dun programa complementario de actividades de difusión.
- Previsiblemente en 2021 colaborar unha exposición que mostre os fondos e coleccións da BNE vinculadas co Camiño de Santiago, a tradición Xacobeá, o fenómeno das peregrinacións e a cidade de Santiago, e levar a cabo un programa complementario de actividades culturais.
- Dinamizar a comunicación pública de todas as actividades desenvoltas a través dos medios e redes sociais utilizados habitualmente pola Biblioteca Nacional de España.

QUINTA.- Este Protocolo Xeral de Actuación estenderá a súa vixencia desde a data da súa firma ata o 31 de decembro de 2024.

SEXTA.- Este Protocolo Xeral de Actuación será posto ao dispor dos cidadáns no Portal de Transparencia da páxina web da BNE.



<b>Código Seguro De Verificación:</b>	+MxeI6nCuCRU1j1RT6dq/Q==	<b>Estado</b>	<b>Fecha y hora</b>
<b>Firmado Por</b>	Ana Santos Aramburo - Director /directora	Firmado	10/07/2020 10:12:42
<b>Observaciones</b>		<b>Página</b>	5/6
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://portafirmas.bne.es/verifirmav2/">https://portafirmas.bne.es/verifirmav2/</a>		



E en proba de conformidade co expresado neste Protocolo, asíñase polas partes comparecentes por duplicado, en castelán e na súa tradución ao galego, no lugar e data sinalados no encabezamento.

Conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia	Directora da Biblioteca Nacional de España
Román Rodríguez González	Ana María Santos Aramburo



<b>Código Seguro De Verificación:</b>	+MxeI6nCuCRU1j1RT6dq/Q==	<b>Estado</b>	<b>Fecha y hora</b>
<b>Firmado Por</b>	Ana Santos Aramburo - Director /directora	Firmado	10/07/2020 10:12:42
<b>Observaciones</b>		<b>Página</b>	6/6
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://portafirmas.bne.es/verifirmav2/">https://portafirmas.bne.es/verifirmav2/</a>		

